

**ORDENANZA FISCAL Nº11 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)**

\*\*\*\*\*

**FUNDAMENTO E RÉXIME**

**ARTIGO 1**

1. O imposto regulado nesta Ordenanza, rexeráse polos artigos 60 ó 67 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as disposicións que os desenvolven, se ben, respecto da cota, estarase ó que se establece nos artigos seguintes.

2. De conformidade co disposto no artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e no uso das facultades concedidas polo artigo 72 da citada lei, en orde á fixación do tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, establécese esta Ordenanza fiscal redactada conforme ó disposto no número 2 do artigo 16 da repetida lei.

**DETERMINACION DA COTA TRIBUTARIA**

**ARTIGO 2**

O tipo de gravame do imposto sobre Bens Inmóbles, queda fixado nos termos seguintes:

	<b><u>BENS URBANOS PORCENTAXE</u></b>	<b><u>BENS RÚSTICOS PORCENTAXE</u></b>
Tipo de gravame acordado en base ó establecido no artigo 72 do RDL 2/2004: .....	0,52 %	0,30 %

**BENEFICIOS FISCAIS**

**ARTIGO 3** Bonificacións e exencións aplicables ós inmóbles de natureza urbana:

1.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmóbles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova, como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante este tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Os interesados acompañarán a súa solicitude fotocopia do DNI/NIF/CIF, fotocopia do acordo municipal de concesión da licenza municipal de obra, certificación técnica do inicio das obras, fotocopia do recibo/s do Imposto sobre Bens Inmóbles do inmovible para o que se solicita a bonificación.

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes o do outorgamento da calificación definitiva, as Vivendas de Protección Oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma.

A bonificación prevista no apartado anterior aplicarase durante tres anos máis a favor dos titulares catastrais que, á data do devengo do tributo, sexan menores de trinta anos. Os interesados deberán dirixi-las súas solicitudes ó Concello antes do devengo do imposto, e irán acompañadas da fotocopia do DNI e fotocopia do recibo do Imposto sobre Bens Inmóbles do inmovible para o que se solicita a bonificación. A non presentación da solicitude antes do devengo do imposto conleva a perda do dereito á bonificación, aplicándose, no seu caso, nos períodos posteriores que proceda.

3.-Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos (pai, nai ou titor) titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia, sempre e cando cumpran coas seguintes condicións:

- a) Contar con ingresos netos per cápita, no exercicio da solicitude, inferiores a 3.795,00 €.
- b) Que a súa residencia habitual sexa vivenda de protección oficial e non dispoña de máis bens ou propiedades urbanas.

Esta bonificación concederáse para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos, e aportarán os seguintes documentos:

- Certificado de emparentamento da familia.
- Certificado de bens, expedido por Facenda.
- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba de surtir efectos a bonificación.
- Declaración de IRPF dos integrantes da familia: No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formularan declaración de IRPF, acompañarán á solicitude certificación negativa da AEAT.

Para a determinación dos ingresos netos per cápita, ós exclusivos efectos desta bonificación, dividiránse os ingresos netos computables a efectos do IRPF de tódolos membros da familia entre o número daqueles. Nos casos excepcionais (por razón de minusvalía) de familias numerosas con dous fillos, computaranse tres fillos en lugar de dous a efectos do cálculo do rendemento neto per cápita.

As solicitudes deberán ser informadas polos Servizos Sociais do Concello.

4.- Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto os inmóveis nos que se instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

A bonificación prevista neste apartado terá carácter rogado e será de aplicación durante os tres exercicios seguintes a aquel en que se efectúe a instalación dos sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol.

5.- Estarán exentos os bens de natureza urbana cuxa base imponible sexa inferior a 601,01 €, así como os de natureza rústica, cando para cada suxeito pasivo a base imponible correspondente á totalidade dos seus bens rústicos sitios no Concello sexan inferiores a 1.202,02 €.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2007, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Fecha modificación anterior:**

PUBLICADO BOP (modificación porcentaxe): 13/11/1998  
PUBLICADO BOP (modificación porcentaxe): 30/12/2002  
PUBLICADO BOP (modificación porcentaxe): 29/12/2003  
PUBLICADO BOP (modificación porcentaxe): 29/12/2004  
PUBLICADO BOP (modificación porcentaxe): 28/12/2005  
PUBLICADO BOP (inclusión Dispos. Adic.): 29/06/2007

**Fecha modificación actual:**

PUBLICADO BOP (modificación): 27/12/2007